

TERRA DE OUTES

Revista TRIMESTRAL

Nº16 · outubro - nadal 2011

1€



Neste número:

Editorial: os soldos dos alcaldes.

Entrevista a Enrique Martínez.

Ocorreu en Outes en maio do 68.

Conflictos forais.

Catro temas de actualidade económica.

San Campio: o milagre.

Muíños do Río Tins (IV)

e as nosas seccións habituais...



Suplemento
Álvaro Gunqueiro

Editorial

Acotío pódese ler ou escoitar en diversos medios de comunicación; independentemente da ideoloxía á que representen, inda que se declaren “independentes”, diversas informacións desta natureza: “Os concellos ameazan con deixar de prestar servizos e cincuenta deles están a piques de crebar”, “Derrubamento da rehabilitación de vivendas por mor da crise”, “Tesoirazo da Xunta de 243 millóns de “euros” en inversións”, “Indignados (e tamén desesperados?) tomando novamente Sol”, “Imputados por corrupción en listas electorais”, “As farmacias preto da creba polos impagamentos das CCAA (Castela A Mancha, por exemplo)”, “Os EEUU a piques de supende-los pagamentos”, “Italia reducindo provincias e concellos e o gasto en funcionarios públicos en máis de 50 millóns (euros)”, “Mingua da economía europea”...Non, non, amigo lector, non imos comentar as circunstancias da crise a nivel autonómico, estatal e mundial, nin da miopía política. Imos, si, falar da política de prioridades a nivel local e comarcal; mellor dito das prioridades dos seus rexedores (todos), elixidos, iso si, por indignados e desesperados. Para iso botamos man de datos publicados e da hemeroteca. Pero, cómpre reflexionar antes se estamos perante unha democracia de formas ou dunha “real democracia na que se respectan as decisións dos cidadáns, máis aló dos catro anos nos que estes se pronuncian nas urnas”. Máis claro, representan os políticos as convicións, sempre tácitas, non reflectidas nas urnas, polos votantes? A resposta correspóndelle a vostede, querido lector. O pasado domingo, 24 de xullo, aparecía publicado nun determinado medio de comunicación escrita que os soldos dos alcaldes da Barbanza e Muros-Noia acadaban a nada desprezábel cifra de 473.000 euros anuais, case medio millón de euros tan só para pagar os alcaldes dos once concellos destas comarcas. Ollo ao dato! Para nada se fala do cómputo de dietas diversas, nin tampouco das adicacións exclusivas doutros edís dos distintos concellos. Outro dato: entre o alcalde que máis cobra e os dous de menor soldo hai unha diferenza de 40.000 euros, cantidade que superan seis dos once políticos-alcaldes. Acae ao respecto facerse a seguinte pregunta: Se o día ten vinte e catro horas en tódolos concellos, por que esta diferenza de soldos? E estoutra tampouco estaría de máis: transformouse a política nunha forma de vivir mellor e máis comodamente en troques dun servizo á colectividade? Afastados de toda valoración ou formulación de opinións, si temos que salienta que o alcalde de Outes figura no terceiro posto do ránking (49.600 euros/ano) dos alcaldes por custo aos concellos destas comarcas, detrás de Boiro e Ribeira, e isto no noso concello, que segundo o censo de 2010 tan só ten 7.313 habitantes. A Matemática resulta implacábel, se dividimos 49.600 entre 7.313 o resultado é de 6,79 euros que lles supoñen a cada veciño ao ano, independentemente da súa idade, os ingresos brutos tan só do seu máximo rexedor. Segundo fontes consultadas os ingresos por recadación propia do concello de Outes oscilan entre o 50% e o 100% por debaixo dos seus gastos de funcionamento. Este tamén resulta ser un dato clarificador dos tempos políticos que nos toca vivir. Son simples datos, nunca valoracións, amigo lector.

ÍNDICE

As nosas novas	páxs. 2 e 3
Historia	páxs. 4 e 5
Miscelánea	páxs. 6 e 7
Entrevista	páxs. 8 e 9
Opinión	páx. 10
Actualidade	páx. 11
Antropoloxía	páxs. 12 e 13
Etnografía	páxs. 14 e 15
Os papeis de Añón	páx. 16

Director:

Xosé M. Vázquez

Consello de Redacción:

Domingo Campos, Xoán X. Mariño,
Manuel do Río, Xan F. García, Ramón Blanco

Edita:

A.C.C. Terra de Outes
terradeoutes@gmail.com

Maqueta e imprime:

Grafinoia, S.L.

Revista Subvencionada polo Concello de Outes

xoga á **LOTERÍA DO NADAL** con



Adquire a túa participación do número

41.470

**Na Serra en: Restaurante Amanda,
Kiosko Vicente, Cervexería O Anexo,
Mariscos Ramais e Bar Tines
En Noia en: Pub News e Perruquería Emain**

JOSEMA

Seguros

Av. Compostela N.º 12 – Baixo 2
15230 Outes - Tlf/Fax. 981 85 06 20
E-mail : segurosjosema@terra.es

75 aniversario do asasinato de Luis Barrena

O 21 de agosto levouse a cabo o acto co que se pretendía recordar a morte do deputado republicano Luis Barrena no 75 aniversario do seu asasinato, no lugar no que a nosa asociación levantou un monolito, xunto ao cal se congregou, como cada ano, numeroso público para homenaxear as vítimas do franquismo.

Nesta ocasión o acto abriuse cunha peza musical interpretada polo grupo de gaitas muradán Faltriqueira, tras o cal Xoán Mariño, presidente desta asociación, explicou o motivo da homenaxe, ao que seguiron as intervencións de Xoán Carlos Garrido en representación da Iniciativa Galega pola Memoria Histórica e o deputado galego no Congreso Francisco Jorquera, que se refiriu á necesidade de derogar a Lei de Amnistía vixente que impide vulgar os crimes do franquismo e, en consecuencia, facer xustiza aos que padeceron o horror da súa represión. A continuación tivo lugar unha ofrenda floral ao pé do monumento, mentres a citada agrupación musical interpretaba outra peza solemne.

Por último, para pechar o acto, Xoán Mariño leu en público a emotiva carta remitida por Marisol Barrena, filla do homenaxeado, que recibiu un caloroso aplauso de todos os asistentes.



Unha estrela no ceo de Galicia

O sábado 2 de xullo de 2011, na cidade da Coruña, a fachada do Teatro Rosalía de Castro serviu como escenario para a conmemoración do cento cincuenta aniversario dos Xogos Florais da Coruña de 1861, nos que fora premiado o noso Poeta Añón, pola composición "A Galicia".

A Asociación Terra de Outes foi convidada a participar neste acto, organizado pola Real Academia Galega.

A xornada comezou cun pasarrúas da Banda municipal de Outes e mais cun baile de Nova Galega de Danza, seguido dun recital a cargo de destacadas personalidades coruñesas, que leron poemas galegos do certame de 1861. A muiñeira de Canuto Berea volveu soar ao piano no mesmo lugar cento cincuenta anos despois. A continuación, o discurso do presidente da RAG, Xosé Luís Méndez Ferrín, deu paso a unha ofrenda floral en homenaxe aos promotores, mecenas e organizadores daqueles Xogos Florais; o noso secretario, Ramón Blanco, procedeu a entregarlle un carballo ao presidente da Fundación Juana de Vega; os descendentes de Antonio de la Iglesia e mais de López Cortón foron agasallados cun loureiro e un buxo da man dos académicos Francisco Fernández Rei e Darío Xoán Cabana. Pechou o acto a Banda municipal de Outes, coa interpretación do Himno galego.



Churrascada

Un ano máis, ao pé dos carballos que dan sombra ao merendeiro situado xunto ao paseo fluvial do río Tins, celebrouse a churrascada que a Asociación Terra de Outes organiza cada verán para os seus membros e colaboradores. Os 12 kgs. de carne e 50 chourizos crioulos que se consumiron foron asados nesta ocasión polo noso socio Xesús Mato, quen colmou de satisfacción a todos os nenos e maiores asistentes, que prolongaron a sobremesa ata a caída da tarde, durante a cal o presidente da asociación presentou a revista nº 15, coa que, nas súas palabras, se pecha un ciclo iniciado hai catro anos, para dar comezo a unha nova andaina na que esta publicación se vai realizar a toda cor, a pesar do incremento do custo, para así aumentar o seu atractivo para o seu xa consolidado gran número de lectores, que permite a esta asociación ir sorteando a crise sen cesar nin minguar a súa actividade.



Conflitos forais

Mingucho Campos

No número 14 desta revista ("Foro do Lugar e Casal de Arriba II") facía referencia aos testemuños asinados polo escriba da vila de Noia, Domingo García de Paadín recollidos en 40 folios e prometía dar conta dos mesmos en sucesivas edicións. Vou, pois, da-la cumprida reseña daquel meu compromiso adquirido cos amigos lectores desta vosa e nosa publicación de Terra de Outes.

Amais de lembrarlle ao escriba de número da vila de Noia, Domingo García de Paadín, o freire prior do mosteiro de Toxosoutos os foros, xa descritos e certificados por Gonzalo de Pazos, que fora igualmente escriba de número da vila de Noia aos que me referín na devandita publicación anterior (foro outorgado a Catalina Martínez, outro a Juan Romero e consortes e o outorgado a Juan Martínez e consortes no ano de 1649, todos estes terreos ubicados na parroquia de S. Cosme de Outeiro), tamén lle relata os seguintes foros: tres situados na freguesía de S. Xián de Torea a prol de Domingo Gorgal, o outro, situado no lugar de Monices da citada parroquia, a favor de Andrés Veloso, e o terceiro aforamento a Juan Rodríguez, todos eles escriturados no ano de 1649.


No mesmo mazo reflicte o prior a circunstancia dun arrendamento no lugar "Dotan" en S. Xoán de Mazaricos (1651) e dunha escritura outorgada polo mosteiro co licenciado Ambrosio Sobrino, reitor que fora de Sta. María de Entíns e de S. Xián de Tarás sobre os "perfectos" dos lugares de Olveira en S. Cosme de Outeiro no ano de 1655, rexistrados por Juan Mariño de Goyanes e que ficaban na custodia do seu fillo e herdeiro, D. Andrés Bernardo Mariño, demandando, asemade, o devandito prior, copia lexitimada de tódolos documentos ou escrituras descritas aos efectos que o mosteiro de Toxosoutos considerara pertencentes.

O escrito do prior, freire Mauricio Rivas, dá lugar a un mandato ou auto do alcalde e xustiza ordinaria da vila de Noia, D. Juan Alejandro de Silva Valcarzes, polo que se ordena a entrega da documentación solicitada ao prior do citado mosteiro. Este auto leva data de 6 de abril do ano 1728.

En cumprimento do mesmo, Domingo García de Paadín, dá conta á súa vez o día 8 de abril de 1728 ao licenciado D. Andrés Bernardo Mariño, presbítero e capelán da Ilustre Confraría de Nosa Señora da Concepción da vila de Noia do mandato ditado

polo alcalde e xustiza ordinario, dándose deste xeito cumprimento ao demandado polo mosteiro de S. Xusto de Toxosoutos.

Comprobada a fidelidade das escrituras, verificadas as testemuñas presentes nos autos, vistas e lidas todas elas, Domingo García de Padín, perante as dúbidas suscitadas sobre o referido rexistro exhibido, do ano 1655, dos contratos e escrituras dos que parecía dubidar *no seu momento Gonzalo de Pazos, decidiu, sacar, corrixir e consertar la información de su fidelidad con auto de su aprobación del tenor siguiente...* Deste auto, pola súa extensión, ocupareime en sucesivas entregas.



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto a ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

Ocorreu en Outes en maio do 68

Xoán Fco. García Suárez

Foi o Presidente da Asociación Terra de Outes quen me fixo chegar unha sorprendente ou, cando menos, curiosa fotografía descoñecida para a maioría de veciños e veciñas de Outes. Como moitos de vostedes saberán, a Asociación Unión de Residentes de Outes en Buenos Aires, foi a responsable da colocación de dúas placas de bronce no monumento que o poeta Francisco Añón ten na vila; unha primeira datada en 17 de maio de 1968 e outra en 1978. O acto que reflicte a fotografía da esquerda posiblemente se trate da colocación da primeira placa, a que está datada en 1968 –non existe aínda a segunda placa– e, ademais, aparece o alcalde Baldomero Puerta, que exercía nese momento e ocupou o cargo ata 1973. Esta foto formou parte de varias exposicións de fotos antigas. Estamos a falar posiblemente do Día das Letras Galegas de 1968, dedicado ao académico Florentino López Cuevillas, aínda que non o temos moi claro, dado que o feito da data da placa non implica a colocación ese mesmo día –aínda que sería o máis lóxico–. O que está claro é que a foto é anterior a 1974 pola presenza de Baldomero Puerta; e posterior a 1966, ano no que se inaugurou o monumento pero no que non se colocou ningunha placa (ademais da ausencia de persoeiros como Otero Pedrayo ou Risco, quen participaron no acto de 1966). Trátase dunha imaxe moi coñecida e na que o citado alcalde Baldomero Puerta Henche ten a man dereita en alto e os participantes do lado esquerdo da foto (o párroco Herminio Allo, Manuel Canay, Claudino Outón, Avelino Alborés, etc.) parecen ter posta a atención nalgo que ocorre pero que non se ve. Pois efectivamente, a fotografía tiña “truco”, non estaba completa, tal e como se apreza na imaxe da dereita, inédita ata este momento para a inmensa maioría de veciños e veciñas de Outes. Un dos participantes no acto, Joaquín Campos, foi quen lle facilitou a Xoán Mariño esta sorprendente imaxe. A diferenza da súa foto irmá da esquerda, nunca foi exposta en ningún lugar. Que nós saibamos. Comparando as dúas fotos –trátase realmente da mesma toma observamos que o “truco” radicaba en que aparece unha nova persoa á esquerda e no mesmo plano que os 12 restantes. Trátase, nin máis nin menos que Xoán Mourís Campos (coñecido como Xoán de Angustia), de quen falamos del no número 5 desta revista (xaneiro-marzo 2009), e na que descubrimos o sufrimento e a humillación á que foi sometido pola Falanxe apenas comezado o levantamento militar de 1936. Pois precisamente é Joaquín Campos quen está a manter conversación con Mourís e, segundo acreditou o propio Joaquín, aquel personouse en pleno acto e interrompeuno protestando e reclamando a súa dignidade como persoa, recordándolles aos asistentes a represión e humillación que sufrira

no verán de 1936. Daí se comprende a actitude de sorpresa dos persoeiros no acto e o xesto do alcalde, como dicíndolle a Mourís algo así como “¡váyase ya!”. Sen embargo, consultadas as fillas de Mourís polo autor do que estades a ler, efectivamente lembraban o incidente, pero teñen un recordo moi vago do que realmente aconteceu e os motivos que levaron a seu pai a ter o atrevemento e a valentía de interromper a solemnidade dun acto como este –con Garda Civil incluída– en pleno ano de 1968.

Sería casualidade a coincidencia deste acto de protesta en pleno franquismo cos acontecementos de maio de 1968 que transcenderon a todo o planeta? Quixo Mourís facer a súa protesta en solitario? Aproveitou os ecos do “Venceremos nós” que daquela retumbaban polas rúas de Compostela? Nós pensamos que foi un arrebatado de dignidade persoal –que non deixa de ser un feito cargado de heroísmo–, pero non está de máis recordar que as revoltas de maio do 68 tiveron tal transcendencia que era case imposible evitar a súa difusión –a pesar das censuras– e recordar tamén que xa antes que o “maio francés”, producíronse importantes revoltas e protestas na Universidade de Santiago.

CENSURA. Voltando ao tema da foto, non nos cabe a menor dúbida de que esta foi manipulada intencionadamente co ánimo de censurar o incidente. Algúen se encargou de mutilar a foto orixinal e preparar unha “segunda versión” na que non aparecese o causante de tal ousadía. En definitiva, mutilouse a foto. Pola esquerda, claro. Quen a censurou é o de menos. Neses anos en todos os lugares había alguén encargado destes asuntos “informativos”: desde o alcalde, algún cargo da Falanxe, ou mesmo a Garda Civil. Ou por que non, o correspondente de prensa que, polo que a min consta, cando menos ata ben entrados os anos setenta, existía un tal Juan García Rodríguez (un dos fundadores da Falanxe en 1936, e nese ano de 1968 funcionario do Concello), correspondente de *La Voz de Galicia*, e que precisamente foi un dos que –cando menos– presenciaron e colaboraron nas malleiras que sufriron Mourís e outros compañeiros no local da Falanxe semanas despois do levantamento franquista?

O que temos claro é que a Lei 14/1966, de 18 de marzo, de prensa e imprenta, dictada por Fraga desde o seu cargo como Ministro de Información e Turismo, e en pleno vigor daquela, impediría finalmente a difusión da “foto mala” nos medios de comunicación. Pero así como houbo censores, tamén houbo quen tivo o acerto de gardar a imaxe completa, e facilitárnola. Unha imaxe vale máis que mil palabras e, neste caso ademais, recobra un valor engadido polo significado que ten, para a Historia de Outes e para a dignidade das persoas.



GASTRONOMÍA

Osso Buco de tenreira

Ingredientes (para 2 persoas):

500 grs. de xarrete de tenreira con óso, 1 porro, 1 cenoria, 1 tomate, 1 cebola, aceite de oliva, 2 dl. de viño tinto, 3 dl. de caldo de carne, pementa e sal.

Elaboración:

- 1- Douramos a carne nunha pota.
- 2- Engadimos a cenoria, o porro e a cebola, todo finamente picado.
- 3- Relar o tomate e sumámosllo xunto co viño e mais o caldo.
- 4- Salpementar, deixar cocer 2 horas a lume lento e coidar que non quede sen salsa.

Pode acompañarse cun arroz en branco ou unhas verduras cocidas.

Cando estea listo servir e bo proveito.



CARTAS AO DIRECTOR

Aínda quedan...

Sr. Director:

Segundo din, non é de hoxe, nun local de ocio o inquilino, tras unha aposta de futuro, só fai o seu traballo cando certo señor lle deixa, e iso que unha parte dos esforzos vai para a renda destinada á persoa propietaria, que en última instancia está relacionada por vínculo marital co susodito. Este alérxico ao ruído, válese da denuncia á garda civil ipso facto e non pasa nada. Puro boicot.

E a súa prole será tan formal cando sae de marcha?... E os propietarios sen culpa ningunha. Por unha vez que alguén aposta e quere darlle un pouco de vidiña a este currunchito agonizante, reaparece o do NON, e o único que vai conseguir ao final é que peche, idea que xa lle ronda pola cabeza.

A vox pópuli cre que o antigo inquilino non lle foi moi claro a este respecto. Pasoulle a pataca quente e listo.

Sonia Hervella. A Serra.

SAÚDE GALIZANDO

XENÉRICOS: PRINCIPIO ACTIVO OU MARCA? (I)

Dr. José M^a Dios Diz

Estamos en plena voráxine de noticias sobre a redución de servizos na Sanidade Pública. En Galicia, a Consellaría está a levar a cabo a súa política de restricións: non poñen substitutos d@s profesionais que se ausentan, pechan camas hospitalarias, aumentan as listas de espera, quitan as “peonadas” e agora tócalle a quenda aos fármacos, co Catálogo Priorizado de Medicamentos (xaneiro do 2010: este selecciona en cada grupo de medicamentos equivalentes as presentacións de menor prezo, para “racionalizar o gasto en receitas que asume o SERGAS”): inclúen unha serie de produtos farmacéuticos, de uso xeralizado, pero que en Galicia “non se poden usar”... O fin é a redución da factura farmacéutica. @s perxudicad@s: @s pacientes e algunhas farmacéuticas. En Galicia, actualmente está nun 30% as receitas en xenéricos que se realizan (en 2009, menos do 10% eran xenéricos).

Comezaremos explicando o que é cada cousa:

Medicamento **“por principio activo”**: toda materia, calquera que sexa a súa orixe: humana, animal, vexetal, química ou doutro tipo, á que se lle atribúe unha actividade apropiada, para constituír un medicamento.

Excipiente: aquela materia que, incluída nas formas galénicas, se engade aos principios activos ou ás súas asociacións, para servirles de vehículo, posibilitar a súa preparación e estabilidade, modificar as súas propiedades organolépticas ou determinar as propiedades físico-químicas do medicamento, así como a súa biodisponibilidade.

Medicamento de **“marca”**: aquel que, baixo un nome comercial específico, foi rexistrado por un laboratorio que invertiu recursos na fase de investigación e desenvolvemento da molécula, diñeiro que logo buscará recuperar (amplamente) durante a súa fase de comercialización, para o cal patentará o fármaco, o que lle permite ter a exclusividade sobre o comercio deste, polo menos ata que se cumpra o tempo de caducidade da patente. Para que un novo medicamento sexa sacado ao mercado, debe pasar por unha serie de etapas de desenvolvemento, onde se determinan ademais da súa eficacia, eficiencia e seguridade como molécula, a dosificación, a mellor forma de fabricación, o vehículo ideal (outras substancias coas que se mestura o fármaco para axudar de diversas formas coa súa administración, absorción, etc.), as condicións de conservación e transporte, o seu empaque, etc.

Medicamento **“xenérico”**: todo medicamento que teña a mesma composición cualitativa e cuantitativa en principios activos e a mesma forma farmacéutica, e cuxa bioequivalencia co medicamento de referencia fose demostrada por estudos adecuados de biodisponibilidade. Son equivalentes ao “de marca”, pero máis baratos por caducar a exclusividade: 10 anos. O medicamento xenérico, pode ter unha actividade entre $\pm 20\%$ da actividade do medicamento de marca. Non é o mesmo 8 mg dun produto que 10 mg dun con patente. Non indica que é un 20% en cantidade de principio activo, é unha marxe estatística de variabilidade en canto a parámetros farmacocinéticos, nunca en cantidade de principio activo. Carmen Durán (*El Correo Gallego*, 16 de xullo do 2011), farmacéutica de Atención Primaria: “A única variación, pode darse nos **excipientes** (as substancias sen efecto, que acompañan o principio activo para darlle forma ao medicamento) e neste caso, se o paciente presenta algunha intolerancia ou alerxia, a lei galega xa contempla mecanismos para substituír o medicamento por outro”.

Xa que as empresas que producen medicamentos xenéricos non necesitaron **invertir** na investigación e desenvolvemento da molécula, teñen a posibilidade de entrar no mercado, ofrecendo o seu produto, con prezos inferiores aos do medicamento orixinal.

FOTO ANTIGA: A Madalena de Proust

Bertha Grandespés

Curso 78-79. Debía ser o primeiro trimestre, pois non se apreza o manto de margaridas brancas que deixaba a primavera.

Moitos rapaces da Serra fixemos preescolar e 1º de EXB nos tres bloques brancos do Bosque. Rosa de Chichita reconece algúns dos que aparecen na fotografía: Jacinto, Javier, Santi de Fermín, Carme Mª de Latas, Pepi da Patela, Sonia de Boel, Meri do Conchido, Ana do Serrinho, Ita de Benedicta, Maica de Vista Alegre e Pablo do Casado. Ó resto non consegue poñerlle nome pero seguro que eles si se reconecerán.

Acordádesvos das chocalatinas de Sancho Panza co círculo no medio da onza? E das pastillas de caramelo en po compacto que deron nome á Xeración Pez, como nos chaman agora? Somos aqueles que consumiamos cigarros de chocolate (o contexto non dá lugar ó xogo de palabras) sen máis censura cá do peto.

Cando xuntabamos un peso era día de festa. Celebrabámola na de Pacita con parrulos de goma e barrís de pica-pica. Adoitaba ser os venres. Pola semana había que se conformar co bocadillo de plátano que xamais volvemos probar. Comíámolo no recreo, entre a canción dos lagartos de Lorca e a pasta de pegamento Pelikan. E saíamos en bandada coma andoriñas ou pardais. Un rechouchío de nenos que abrían as feridas dos xeonllos ó agochárense para atrapar grilos, saltóns, caracois, bolboretas e xoaniñas.

Onde agora está a praciña houbo un carballo. Era unha árbore moi vella que abaixaba as pólas para treparmos por elas; abrazábanos coas tenras apertadas dun avó. Era a límite norte o vello carballo.

Cara ó oeste non podiamos pasar do arró de saramagos e roseiras. Detrás había unha ducia de cereixeiras que abrigaba outras tantas ovellas. Di a lenda que a dona aínda acode a diario para gardar o rabaño.

“Ninguén tivo un patio coma o noso”. Non, Rosa, ninguén.



LECTURAS RECOMENDADAS

MEMORIAS DUN NENO LABREGO

XOSÉ NEIRA VILAS

EDICIÓS DO CASTRO, S.A. 2002

Neste 2011 celébranse os 50 anos da primeira edición de *Memorias dun neno labrego*.

Máis que falar do argumento ou relatar as historias desta novela, que de seguro os lectores xa coñecen, cómpre comentar o que significa *Memorias* na literatura galega, o seu éxito editorial (é o relato galego máis lido de tódolos tempos).

Memorias chegou ás aulas, ós galegos de Francia e Suíza, a estudosos universitarios. Chegou ata lectores culturizados noutro idioma e en todos eles a lectura de *Memorias* provoca emoción e conciencia de dignidade; hai que partir de dous elementos importantes da novela e que Neira Vilas mostra como elementos irrenunciáveis da identidade de Balbino (o neno protagonista): a aldea e o galego.

Balbino lévanos de viaxe ata os anos 30 e 40 na Galicia rural. É todo un estudo social e moral desa época. Balbino ten 12-13 anos e é un rapaz que engaiola pola súa actitude ante a vida: quere saber, pregunta e cuestiona todo o que ve inxusto:

“... estívennos dacordo en que no mundo hai pobres e ricos, e non debería ser así, a menos que os pobres sexan nugallaos”.

O éxito editorial de *Memorias* é patente se atendemos á cantidade de edicións feitas deste libro:

1961 (1ª edición), 1968 (2ª), 1969 (3ª), 1971 (4ª), 1972 (5ª), 1976 (6ª), 1977 (7ª), 1979 (8ª), 1980 (9ª), 1981 (10ª)... ata chegar a hoxe en día, onde a editorial Galaxia vén de sacar unha edición especial co motivo do 50 aniversario. Hai edicións en castelán (en España e Cuba), en portugués, en bable, euskera, inglés, francés e alemán. En lingua galega publicáronse en trece anos (da edición de 1968 ata a de 1981) 100.000 exemplares, o que dá a idea da calidade da obra e da cantidade de lectores que gozan desta novela.

Un dato máis que avalía a importancia deste libro, son os ilustradores da cuberta, nas distintas edicións. Luis Seoane, deseñou a cuberta da 1ª, de Follas Novas, editorial fundada polo propio Neiras Vilas e a súa dona, Anisia Miranda. Para a 2ª edición, Isaac Díaz Pardo debuxa a tapa ademais de 4 ilustracións que enriquecen a obra.

Con motivo do aniversario de *Memorias*..., moitas asociación, colexios, institutos, escritores e filólogos, bibliotecas e centros culturais de todo o país, recordan con distintos actos este libro.

Para agasallar a Neiras Vilas neste “cumpreanos”, pareceume idóneo volvelo ler e tamén recomendarllo a todos e todas os/as seguidores desta revista.

“*Eu son Balbino. Un rapaz de aldea. Coma quen di, un ninguén...*”



Lidia Vicente

A Política

Fálenos da súa faceta política

Durante dous mandatos (oito anos) fun concelleiro en Outes. Encabezaba a candidatura do PSdeG-PSOE. No primeiro mandato (1991-95) acadamos seis concelleiros, dun total de dezasete. No mandato seguinte, igualmente como cabeza de cartel e por mor da baixa no censo poboacional de Outes, acadamos, con 1.800 votos, catro concelleiros, dun total de 13.

Que valoración lle merecen as súas etapas de concelleiro?

O mandato 1991-95, na miña opinión, foi nefasto. Estábanos prohibida toda clase de información aos concelleiros da oposición, agás a estritamente obrigada por mandato legal. As reunións plenarias da corporación celebrábanse pola mañá para evitar que acudisen os veciños e todas estas reunións plenarias facíanse sen as preceptivas Comisións Informativas.

Onde cre que está ou recae a forza da “dereita” en Outes?

Pois, nin máis nin menos, que no tremendo tecido clientelar e de dependencia herdados e que se acentúa pola desmotivación dos votantes socialistas, que non albiscan posibilidades dun relevo á fronte da institución local.

Que outras responsabilidades políticas desenvolveu ou desenvolve Vd.?

Fun subdelegado de Pesca co goberno bipartito galego en Ribeira e son secretario xeral da Agrupación Local do PSdeG-PSOE dende o ano 1989, mais espero e desexo que outros recollan o testemuño antes de que remate este ano. Hai un grupo numeroso de xente nova, novas fornadas comprometidas co ideario socialista e cos verdadeiros intereses de Outes. En definitiva, novas fornadas dispostas a darlle un novo pulo á vida política municipal e ás lexítimas aspiracións das veciñas e dos veciños do conxunto do concello.



Entrevista a Enrique Martínez Pedrosa

“Ribademar, miña terra,/ terra santa de meus pais,/ terra do meu nacemento/ e do mozo que medrou/ naquel teu cálido lar...”

“Alí érguense os pinos,/ como frechas cara o ceo,/ e vén coa marea o mar,/ por dúas veces no día,/ as súas ribeiras bicar...”

Deste xeito versificou outro ilustre mestre nado igualmente nesta aldea do noso concello, Avelino Alborés, o lugar da súa nacementa.

Na súa casa de Ribademar, onde convive coa súa dona e os dous fillos do matrimonio, atalaia dende a que se albisca a confluencia do Tins co Tambre, que dan nacemento á Ría de Muros-Noia e dende a que se divisa en todo o seu esplendor a enseada, agora deturpada, do Engano, recibíunos coa súa afabilidade característica na comunicación o entrevistado deste novo número da revista *Terra de Outes*.

O día era radiante, mais tamén o personaxe despedía calor e enerxía doutra clase, como corresponde a quen é posuidor dun amplo currículo profesional, político, musical e social. Naquel día, pois, repasamos a traxectoria doutro polifacético mestre nado na fermosa aldea de Ribademar: Enrique Martínez Pedrosa.

Agora que pode gozar dunha máis que merecida xubilación, recén estreada, imos lembrar esa parte da súa traxectoria de escolante.

Dende hai trinta e cinco anos adiqueime ao ensino, fundamentalmente da materia de lingua inglesa, primeiro no colexio público da Serra, no que exercín durante anos as tarefas de secretario, e despois no IES “Poeta Añón” do que fun director durante dous anos.

Sempre estivo exercendo de escolante con destino en Outes?



SUPLEMENTO

ÁLVARO CUNQUEIRO

Álvaro Cunqueiro Mora naceu en Mondoñedo o 22 de decembro do ano 1911. Seu pai era o dono dunha botica, na que Cunqueiro comezou a oír as primeiras historias que contaban os vellos daquela. Alí comezaron os seus primeiros pasos de amor á literatura, pero tamén cando lía, xa dende ben neno, pequenas novelas da época.

Estudou bacharelato en Lugo, e anos despois, en 1927, Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Abandonou a carreira para adicarse ao xornalismo en periódicos como *El Pueblo Gallego*. Foi membro do Partido Galeguista e participou tamén en publicacións falanxistas.

En novembro de 1932 mudouse a San Sebastián e participou na redacción de *La Voz de España*. Logo instalouse en Madrid e incorporouse a *ABC*. A partir de 1960 foi cronista oficial de Mondoñedo e posteriormente fixo de Vigo a súa residencia para traballar no *Faro de Vigo*. A Real Academia Galega elixiuno como académico en 1961.

Referente á súa produción literaria, podemos dicir que as súas obras son moi variadas, xa que abranguen dende o eido



xornalístico ao poético, narrativo, teatral e de tradución. En 1932 publicou o seu primeiro libro de poesía, titulado *Mar ao norde*; e con *Cantiga nova que se chama Riveira* recibiu o premio Gil Vicente en 1933. O libro de poemas *Herba aquí e acolá* será un dos grandes clásicos da nosa literatura. Na narrativa destacan *Merlín e familia e outras historias*, *As crónicas do sochantre* e *Si o vello Sinbad volveuse ás illas*. Ten tamén coñecidos libros de relatos: *Xente de aquí e acolá*, *Escola de menciñeiros* ou *Os outros feirantes*. En teatro, destacan pezas como *Función de Romeo e Xulieta*, *O incerto señor Don Hamlet*, *príncipe de Dinamarca* ou *Xan, o bo conspirador*.

Acadou diversos premios ao longo da súa carreira. Morreu en Vigo no ano 1981. En 1991 foille adicado o día das Letras Galegas. Este ano celébrase o centenario do seu nacemento.

Porque Cunqueiro fixo, coa súa obra, que Galicia durase mil primaveras máis...

Sara Gil e Laura López

Alumnas da ESO no IES Perdouro (Burela)



De esquerda a dereita: Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego e Ricardo Carvalho Calero.

Cunqueiro poeta

O MEIRANDE SOÑADOR DO REINO tivera moitos máis soños poéticos dos que nos deixou nos cinco poemarios publicados en vida. Desde a edición do último en 1980, o ano anterior á súa morte, o seu corpus poético dobrouse con poemas recollidos de diversas publicacións anteriores e, sobre todo, posteriores á guerra civil.

Os estudosos da súa obra, nunha delongada e aínda inacabada pescuda de trinta anos, compilaron máis dun cento de poemas non editados nos libros coñecidos. Moitos foran publicados, maiormente no *Faro de Vigo*, baixo a máscara dunha vintena de pseudónimos distintos; outros son supostas traducións de poetas estranxeiros inexistentes das máis diversas latitudes, nórdicos, romaneses ou italianos; xunto a estas traducións inventadas, hai outras verdadeiras, pero algunhas tan libres que en realidade son poemas novos nos que o referente serviu tan só de inspiración.

De maneira que quedan unha chea de investigacións que a crítica ha de abordar para unha atinada cualificación da súa poesía, pois foi moito máis prolífico do que se pensaba, pero tamén había máis cunqueiros dos que se cría: algúns pseudónimos e os alófonos inventados, ao xeito dos heterónimos de Pessoa, teñen personalidade literaria de seu, ofrecen diferentes rexistros temáticos, lingüísticos e estilísticos. Secasí, Cunqueiro é un poeta enormemente diverso que vai evolucionando consonte a experiencia vital persoal, o incremento do seu acervo literario e os avatares da sociedade na que lle tocou vivir.

1. O MOZO ENCANTADOR DE PALABRAS, MODERNO E TRADICIONALISTA. O primeiro Cunqueiro é un novel poeta de vinte anos que fai seu o modelo pregado polas Irmandades e Nós, moderno e tradicionalista a un tempo: seguidor do espírito irreverente das vangardas, pero tamén cunha forte querenza pola luminosa tradición literaria dos nosos Cancioneiros medievais.

A súa poesía de preguerra ten como cerna a propia linguaxe, a procura do rendemento estético a través da filigrana verbal. O poeta formalista e lúdico namórase da erótica vocálica, da combinación insólita das palabras, amecidas con efectos pictóricos e musicais: entoación, xogos rítmicos e fónicos. Nun segundo plano, apenas uns ecos do amor, só unhas pingas de propia experiencia vital. É a máxima vangardista da deshumanización da arte: a primacía para o significante, non para o significado.

Así, en *Mar ao norte* (1932), seguindo os ronseis vangardistas do Manuel Antonio de *De catro a catro* e de Paul Valéry, elabora unha representación gratuíta, lúdica e ceibe do mundo. No mar abstracto que nos ofrece, luminoso e puro, hai máis intrascendencia e xogo intelectual que sentimentalidade.

Poemas do si e non (1933) é un conto erótico, pero esvaído, pois de novo imperan o xogo verbal e os elementos musicais e pictóricos. O mínimo fio narrativo da historia de amor entre *El* e *Ela*, poboado de xente, referencias e cousas, queda na sombra para que reinen as palabras: de novo o significado é borrado pola abstracción pictórica das imaxes arbitrarias e alucinadas, debedoras só parcialmente do surrealismo, pois a imaxinación cunqueiriana voa encol das distintas escolas de vangarda.

En *Cantiga nova que se chama ribeira* (1933) xoga coa tradición das nosas cantigas medievais, maiormente as de amigo, filtradas polo neopopularismo dos coetáneos do 27 español, Lorca, Alberti. Só ao fondo un ecoar amoroso e erótico. Sempre beberá desta caudalosa fonte, na posguerra achegaranos os máis maravillosos poemas neotrobadorescos.

2. O HOME FILÓSOFO, OURIVE DE PALABRAS E IMAXES, CONFÉSASE. Na posguerra é o mindoniense un home e un escritor ben distinto. Nos 50 o poeta convértese en



polígrafo: novelista, contista, dramaturgo, xornalista. Malia todo, sempre será esencialmente poeta: nesoutros xéneros prevalece a voz poética, veña ou non a conto conforme as convencións de cada xénero, pois en todos eles comparecen os catro estratos que conforman a súa estética: a pragmática ou realista, a fantástica, a lúdica e humorística e, sempre, a lírica.

Axúntanse outros factores para provocaren a mudanza e conformar a definitiva personalidade artística de Cunqueiro: os conflitos sociais da época, guerra e ditadura, que el vive en frecuentes desavinzas; o propio percorrido vital marcado polo paso do tempo e o envellecemento, conciencia dolorosa que en Cunqueiro agroma prematura; a adquisición dunha inmensa e amplísima cultura.

Aquela inxenuidade xogoral que daba prevalencia á linguaxe deixa paso agora á preocupación pola existencia: o paso do tempo, o destino, a morte; o alegre artífice das verbas torna filósofo a reflexionar sobre as razóns profundas do vivir.

O vangardista libre e creador de imaxes abraiantes seguiranos conmocionando, pero arestora a través do clasicismo, tamén libre. Acáelle axeitado para a formulación filosófica e o diálogo coas grandes obras e poetas de todo lugar e tempo, pois o autor autoglósico de antano incluírá no seu discurso agora os seus máis admirados referentes.

Tamén o eu poético muda de actitude: contará historias, inventadas ou facendo propias e deformando as xa contadas; e, coma un actor teatral comparecerá perante nosa para declamar sobre a existencia, decote con amargura e humor, co mesmo ton autobiográfico das voces en prosa de Felipe de Amancia, do vello Sinbad ou do señor de Crozon. Contra o final, tirando as máscaras, aparece espido en versos estelares ateigados de referencias persoais: Cunqueiro confésase lembrando nostálxico o decorrer da vida e ollando en fite a vellez, a enfermidade e mais a morte.

2.1. O primeiro chanzo neste evoluir constitúe o breve recopilatorio *Dona do corpo delgado* (1950), 16 poemas dun

home xa maduro, acubillado na soidade da súa vila natal despois da experiencia madrileña, que gasta as horas en longas xornadas de lectura e escritura, ás veces algo deprimido e arrastrado pola nugalía.

Nos versos libres, agora de ritmo e métrica clásica, do poema limiar “Recomendación da alma e do corpo” e do tríptico amoroso seguinte, indaga no sentimento amoroso cun ton intimista, triste e nostáxico. O mesmo ton confesional, adobiado de inauditas imaxes, domina a perspectiva das dúas elexías, a Feliciano Rolán e Manuel Antonio. Pechan o libro as “Cantigas do amor cortés”, as máis fermosas xoias da nosa poesía neotrobadoresca, labradas con imaxinería vangardista sobre estrutura, libremente argallada, das cantigas de amigo. Os *ubi sunt?*, paso do tempo, amores idos, a preocupación existencial en definitiva, son evocados en diálogo cos seus amados Meogo, Codax, Afonso X. Os dous melancólicos rondós que homenaxeán a Airas Nunes e François Villon esclarecennos o cambio de actitude: se no das *Donas pintadas no ousa do Vilar* aínda impera o ludismo trobadoresco dominado polo ritmo e a rima, no da *Dona enterrada en San Xohán de Badón* o eu poético preséntase dramaticamente en escena para proclamar a inutilidade da existencia e o inexorable paso do tempo.

2.2. MORTE E RESURRECCIÓN. En *Herba aquí e acolá* (1980), unha escolma dos moitísimos poemas escritos desde os 50, o poeta confesional que agromaba no libro anterior comparece agora para nos achegar os mellores versos galegos do século XX en dúas partes diferenciadas: *As historias e Vellas sombras e novos cantos*.

A composición d'*As historias* acompaña ao Cunqueiro cultivador de narrativa e teatro. A inspiración xurdida dunha situación ou dun personaxe provocan en Cunqueiro, ao mesmo tempo, a súa recreación en cada un dos xéneros. Pero, xa o dixemos, Cunqueiro é primariamente poeta: no poema substancia a alma desa situación ou personaxe.

As historias recrean mitos, lendas, personaxes da historia da humanidade e da literatura, dos máis diversos pobos e culturas, cos que establece un diálogo universal e atemporal. Pero é máis que unha recreación, pois o autor agóchase tralos heroes míticos e úsaos como pretexto para reflexionar con espírito lírico-épico sobre o tempo que se esgota e a morte que se achega. Sobre esa base mítica constrúe unha invención absoluta e novidosa.

O mundo britónico, céltico ou artúrico, o mesmo do Merlín e do Sochantre, é mudado e deformado ao antollo para falarnos do amor, da saudade ou da morte. “Os oficios de Bran” recrea o mito céltico galés con humor e nunha brillante narración, perlada pola mediterránea homenaxe ao emperador Adriano. En “Recoñecemento de Harold Godwinson” abrímannos as increíbles imaxes do amor e da morte no pranto de Edith ao pé do cadáver do seu amado rei saxón, morto polos normandos.

Co mundo clásico, humus da súa prosa castelá, o Cunqueiro máis teatral inventa monólogos como “Eu son Danae” para expresar tristemente a nostalxia do amor e a vellez; en “Eu son Edipo” o vello personaxe láia-se da traxedia da vida e do inexorable destino; en “Retorno de Ulises” o xogo verbal inicial vaise desfecendo canda o amor, conforme poema e vida avanzan.

Entreteceu os seus soños cos d'*A divina comedia*, traduciu os seus versos, e homenaxeou finalmente ao seu mestre Dante en tres fermosísimos poemas nos que distorsiona con humor historias e personaxes para crear outras totalmente novas e orixinais.

Bebe de situacións e individuos do mundo semítico: ora do

bíblico, para cantar a traxedia e o insomnio dun amor inxustamente vedado en “Eu son Paltiel”; ora do arábigo, aquel Sinbad, para compoñer unha fermosísima canción pacifista chea de recendos, sabores e música en “Unha canción foi prohibida no sur”.

Á fin, *Vellas sombras e novos cantos* recolle a gran poesía de autenticidade existencial de Cunqueiro: unha melancólica meditación sobre o amor que se foi, a amargura da vellez e a chegada da morte. Lirismo puro en ton elexíaco: o home, beira da morte, xa non se disfraza, finalmente confésase a través do máis marabilloso discurso poético do século.

Aínda volve ao medievo e honra os poetas máis amados (na homenaxe a Pimentel dános a clave da poesía, a súa autopoética: a palabra). Pero conmóvenos e emocionáanos o amor reencarnado en árbore de “Na outra banda”; a triste contemplación da morte dicíndolle “á rula: pase miña señora”; a despedida do amor e das rosas: “deica as rosas que veñen”. Agora sabe que, “coma no concerto de Vivaldi”, a vida foi “o eco dun soño”; que os enredos da imaxinación a xogar con illas que voan, con “pombas de auga”, ou con que en vez do carro baixe do monte “a lúa arrastrada por un tiro de peixes prateados” (imaxes imposibles e abraiantes), non dan afogado a soidade fronte a morte, porque unha metade do home contempla xa a outra metade morta. Co mesmo desdobraemento, o home demediado confesa dorido a decadencia final, “ese alguén de meu que nunca volve á auga da infancia”: estoico testamento da fin dun soño e dunha vida.

Pero quedannos as palabras en fantásticos mundos e abraiantes imaxes de quen tivo vontade de primaveras para a lingua e a literatura galegas, o seu pulo vital. Por iso permanecerá para sempre connosco. Don Álvaro ben o sabía cando se despediu: “pro eu resucitarei, que soio volven os que recordan, compañeiros”.

Solleiros, setembro dourado de 2011



Cor de mazá

Ramón Blanco

Mentres o día devalaba e un frío siberiano ía vencendo o sol da tarde “neste grande reino do Fisterre que vai dende os montes hasta o mar, onde brillan os pes do vento”, prendín a vitrola dos rondós de antano para acompañar a lectura dun libro que non existe: *El Señor de Mondoñedo. Recuerdos literarios y gráficos de la vida y la muerte de Álvaro Cunqueiro*. 28 - febrero - 1981. Así titulou o meu amigo José Luis o álbum secreto que elaborou hai trinta anos cos recortes de prensa que ían publicando ao morrer o escritor tan admirado por nosoutros e que sería hogano centenario. Cando quixo regalarmos non o aceptei, por parecerme excesivo, mais accedín a que me fixese a fotocopia que agora manexo. A súa vinga foi darme, sen posibilidade de rexeitamento, outro documento aínda máis importante, do cal só temos noticia algúns da sociedade secreta dos cunqueirianos. José Luis é zamorano pero fixou en Vigo, onda o mar maior, o seu domicilio, como fixera Cunqueiro. A relación con Galicia xa lle vén de cando era estudante interno nos Salesianos de Cambados. Lembro unha conversa a propósito do clima (que non é “falar do tempo”) na que relataba o frío siberiano que atravesaba os tristes uniformes daquelas idades, as húmidas paredes pétreas que non eran a súa casa. Asocio aquel frío salesiano a uns versos da adicatoria que Ferrín pon no inicio de *Estirpe*: “yo quisiera mi libro con los libros amados/ de Antonio Gamoneda, el niño/ que bajó de las Asturias como baja el ganado,/ con dolor y olor,/ y el recuerdo de vitrolas venenosas”. José Luís acabou por ser mestre e encargouse con esmero da biblioteca do instituto de Salceda de Caselas, cos seus libros amados, obtendo en troco o respecto e cariño do alumnado e mais de quen teñen a inmensa sorte de traballar con el, que agora me convidan a unha cea de homenaxe con motivo da súa xubilación. Podo soñar mares e imaxinalo lendo isto, mentres come unha desas mazás vizosas que sempre ten a man, irmás das que atesouraba Cunqueiro no seu cuarto de traballo. Mais nesta frutífera transacción non son quen de dicir cal deles é o provedor e cal o cliente, meu amigo.

(Da sección “Flores de papel”, publicada no suplemento *Artes & Letras*, do diario ABC, en xaneiro de 2011)



Navegar por soños e memorias

María Liñeira

‘O que faz andar a estrada? É o sonho.

Enquanto a gente sonhar a estrada permanecerá viva.’

(Fala de Tuahir)

Mia Couto, *Terra Sonâmbula*

Entre todo canto a humanidade leva argallado, non hai invención comparábel á nau mariñeira: a súa existencia desafia a crenza de que aboiar, for no mar for no aire, é asunto digno de espanto. Pode que sexa este poder subversivo, científico e máxico, o que aguillõe en nós a pulsión de navegar. Mais a vontade de facerse ao mar responde antes ca nada a unha pulsión máis primitiva: a de percorrer camiño; e ‘os camiños dan as xentes, as pousadas, as falas, os países’, como quedou dito no *Merlín e familia i outras historias*. As mulleres e os homes somos camiños atravesados por camiños que se botan a camiñar na procura de encrucilladas onde encontrar o Outro. A posibilidade deste encontro fai que as personaxes que habitan a obra de don Álvaro Cunqueiro se pregunten retoricamente: ‘¿Que se sabe do mundo, senón a marabilla?’ Entre estas personaxes destacan o Soñador e o Contador de Historias e estes arquetipos, xa nolo contou María Xesús Nogueira Pereira, sintetízanse no protagonista de *Si o vello Sinbad volvease ás illas* (1961). En setembro de 1958, Cunqueiro escribiulle ao seu grande amigo Francisco Fernández del Riego: ‘Coido que podo dar o gran libro galego distes anos, e de moitos anos’; e así foi. Esta é a historia do dito Sinbad mariñeiro, veciño do País de Bolanda. Hai nove anos que Sinbad deixou as naus e a mar maior e pasa os días na fonda de Mansur a falar e soñar, entre outras marabillas, sobre lugares en disputa. Sinbad é do bando de que hai Cotovías, de que a illa de Java ascende aos ceos e hai que lle dar conversación aos mares arábigos. A súa é a historia dun soñador vellote que, condenado a vivir de contar memorias (lembrazas verídicas ou falsas, que máis ten), sae unha vez máis á procura do encontro. O resultado da derradeira aventura é catastrófico pero non así o final da novela: a comunidade arroupa a Sinbad, agora senil e cegado, entoando a ladaíña ‘¡Que teña paz!’.

A fin de contas, que sería de nosoutros se non houbese Soñadores e Contadoras de Historias? Que sería da estrada se non houbese quen fixese as naus que nos han levar ao encontro do Outro? Que sería de tantas e tantos galegos e galegas se non houbese barco que nos levase ás Américas atopar Outros e a nosoutras mesmas? A mensaxe de Álvaro Cunqueiro non é revolucionaria nun senso clásico, pero que hai máis revolucionario que crer que ‘enquanto a gente sonhar a estrada permanecerá viva’? A onde nos leve a estrada dependerá da natureza dos nosos soños e das nosas memorias.



© Arquivo Nécega

Á xente de ‘Astilleros Nécega’ en Santiago de Foz, artesáns de soños.

Non. Houbo dúas parénteses. No curso 78-79 estiven traballando nun colexio de Maspalomas, nas Palmas de Gran Canaria e durante os anos 1975, 1976 e



1977 na República Federal de Alemaña.

Experiencias destes trinta e cinco anos?

Pois que durante todo este longo período de exercicio da profesión docente fun percibindo o cambio que sufriu a educación, sobre todo no troco de valores e na progresiva falla de comunicación entre pais de alumnos e profesores. Teño que salienta-lo pouco que se valora hoxe o traballo e o esforzo do alumnado e se priman outras clases de valores, que para nada teñen que ver coa educación.



A música e a orquestra: OS ROMERO

Fálenos do seu vínculo coa actividade musical.

Si. Durante algúns anos estiven ligado á orquestra *Os Romero*, como cantante, unha actividade, a musical, que inda hoxe me segue parecendo fundamental na educación dos escolares.

A quen salientaría desta súa faceta ou etapa musical?

Tiven a sorte de escoitar e coñecer a moita xente importante na época da que estamos a falar, pero creo que debo resaltar a Domingo Barreiros e a Prudencio Romo.

Gravou algunhas cancións?

Na década dos anos 1970 gravei un "single" como solista con dúas cancións de Domingo Barreiros e hai pouco tempo participei con outras dúas cancións nun CD elaborado co motivo da adicación do *Día da Letras Galegas* ao poeta noiés Avilés de Taramancos.

Pero non decaeu a súa afección musical?

Non. Teño colaborado un tempo coa Coral Polifónica do Liceo de Noia e, ás veces participo nalgún acto de índole musical. As últimas veces fixenas no IES Poeta Añón e na Casa de Cultura da Serra, esta última co motivo da celebración da entrega do Premio Leixapré a Mardelira, cantando o "Himno a Galicia" de Francisco Añón, musicado por Prudencio e outro.



Ten fácil amaño... non??

Calquera que se dea un *ride* polo terruño municipal, chegará á conclusión de que hai moitas cousas mellorables á vista, e á vista están, e pensas: co fácil que sería o arranxo.

Saes e, por exemplo, ves casas cos penais de pedra labrada con todo ese cableado enloitado, afeando ata a máis traballada fachada de cantería, pois a realidade é esa; pero o futuro pasa por facer como nos países adiantados, por levar toda esa maraña por vía subterránea, e aproveitando que cada dous por tres estamos coas beirarrúas levantadas, facer o traballo. É penoso que, tras invertir tantos cartos na Consistorial, vexamos tirabuzóns de cables, que non colle na cabeza!!...

Non estaría de máis que o Concello pintase as prazas de aparcamento nas rúas, aproveitando así mellor o sitio. Non nos libramos dos fenómenos con moi pouca educación e reincidentes diarios que aparcan en dobre fila, liña amarela, paso de peóns... Comodidade con nome e apelidos, pero se algún día non pode pasar unha ambulancia, ou se dá calquera outra fatalidade por non ser minimamente cívicos cos demais xa virán á memoria!! Dúas raias pintadas non van arranxar todo iso, pero irían corrixindo a pouca educación e a moita soberbia que aínda se mastiga...

O Concello quere "humanizar" as Avenidas de Compostela e Fisterre, deben ser das poucas nas que menos traballo invertiron nos últimos vinte anos. Se se trata de cambiar os farois, e adecentar as berirarrúas e cableados, benvida sexa a humanización.

Veremos algún día un concello no seu conxunto limpo (fóra do tempo das festas), coa sinalización visible, correcta e (en galego tamén) coas letras grandes, vendendo o que ofrecemos, que non todo é o Freixo (que está moi ben), ou un acceso a Broña dende a xeral coa súa beirarrúa para os que baixan andando e curva do Requeixiño ancheada?

Veremos edificios libres de graffitis (hai que vixiar máis sres. municipais), as beirarrúas sen o seu manto de herbas, os pantaláns arranxados, pois parecen abandonados, e que non queden as luces das instalacións que pagamos todos encendidas noite tras noite?... Que segue pasando.

Veremos a realidade de internet para todas as aldeas, como noutros concellos, para os pequenos negocios ou para os fillos que estudan e necesitan ese nexo tanto didáctico cos coñecementos como útil para comunicarse?...

E para cando un "horario" na biblioteca, pois o que hai soa feito a medida: 10:30-13:00, e 17:00-21:00. Algo cómodo si que o é, mais se un estudante quere pasar unhas horas nela, perdería media mañá...

En fin, que non sexa todo viño e festas.

Lusco e Fusco

ASÍ SI



Acertado concienciar os rapaces con valores cívicos e de respecto á Natureza.

ASÍ NON



Ou máis arriba ou máis abaixo. Ese non é o sitio para uns colectores. Capela, misa, fotos... Un pouco de sensibilidade e consideración!!

ASÍ TAMPOUCO



Tres nun. Moito morro e pouco civismo co coche. Falta de rampla para minusválidos. Unhas varandas novas ao lado do Concello non lle irían mal!!

Catro temas de actualidade económica

Kiko Vidal

Cando Xastre e Mariño me piden que colabore cun artigo na nosa revista, sempre sinto un pouco de pánico. A min gústame escribir sobor de temas de actualidade, pero desde que escribo ata que as imprentas logran poñer na rúa o artigo, acostuman pasar días, incluso semanas. No fráxil e cambiante contexto económico actual, un tema de actualidade hoxe, pode deixar de selo mañá, facendo ridículas certas reflexións que me están pasando hoxe pola cabeza. Nestes días existen varios temas que veñen ocupando as páxinas económicas dos nosos diarios, como son a prima de risco, os eurobonos, a recuperación do imposto sobor do patrimonio a nivel nacional e o inicio de funcionamento de NCG Banco (herdeiro da soñada e cáseque non vista gran Caixa de Aforros de Galicia). 1.- Da PRIMA DE RISCO xa teño falado noutra ocasión. Aínda que noutros contextos o significado deste termo poida ser lixeiramente distinto, a prima de risco da que estamos a falar hoxe non é máis que a diferenza de interese que a nosa débeda soberana ten sobor da débeda soberana alemá. O feito de que a prima de risco alcance os 400 puntos básicos, é o mesmo que dicir que para que un inversor lle preste diñeiro ao goberno español, este ten que pagar 4 puntos percentuais máis dos que paga o goberno alemán, se o alemán paga o 2%, España terá que pagar o 6%. A comparación con Alemaña faise por considerar a este país como o máis solvente de Europa, o cal pode ser certo ou non, pero iso é o que pensan os "mercados", e estes son os que mandan. Sempre se nos considerou como menos solventes que Alemaña, polo que a nosa prima de risco sempre existiu; agora ben, se hai uns anos era de 50 puntos básicos, hoxe é 8 veces máis. Este incremento débese basicamente á desconfianza na capacidade do Reino de España de devolver as súas débedas, e esta desconfianza págase. Neste aspecto España ten, nembargantes, un punto a favor, que é que a débeda no Estado anda polo 60% do Produto Interior Bruto, é dicir, do que somos capaces de producir nun ano, mentres que noutros países (Italia, por exemplo) esa porcentaxe chega a duplicarse. Anteriormente non se utilizaba tanto o termo da prima de risco, empregándose o termo "diferencial sobre o bono alemán". O "bono" é un título individualizado de débeda a medio prazo, por iso se di que un Estado fai unha emisión de bonos para colocar, e o inversor acaba comprando os bonos que estime oportuno. Se compra bonos alemáns percibirá menos intereses, pero en teoría terá máis seguridade en recuperar a súa inversión. Se polo contrario merca bonos españois, percibirá uns intereses moito máis elevados, pero a posibilidade de que ao final non cobre é máis alta, non digamos se se fala de bonos portugueses, irlandeses ou gregos. 2.- Os EUROBONOS serían (digo serían pois non existen aínda) uns títulos de débeda que en vez de ser emitidos polos países de forma independente, como ata agora, serían emitidos polo goberno europeo e, polo tanto, terían a garantía conxunta de todos os estados membros da zona euro. Un EUROBONO sería un título de débeda equivalente a unha media ponderada da débeda de todos os países da zona euro (ponderaríase cantidade coa súa calidade, é dicir co seu interese). Para que se entenda, podemos dicir que o Eurobono sería mellor que o bono español (xa non digamos que o grego) pero máis malo que o alemán. Cando falamos de mellor, queremos dicir que ten que pagar un interese máis baixo. Se se creasen Eurobonos, España pagaría menos intereses dos que paga agora, pero en cambio Alemaña pagaría máis. Os alemáns non creo que sexan parvos e por iso moito me temo que o dos EUROBONOS non vaian existir, polo menos a curto prazo. A longo prazo, e de producirse unha harmonización a nivel europeo das finanzas e dos controis orzamentarios, si que é posible que cheguen existir. 3.- O IMPOSTO DO PATRIMONIO existiu moito tempo



en España. Un bo día, o mesmo goberno socialista que temos agora dixo que non tiña sentido este imposto, e suprimiuno. Agora pono outra vez en marcha, nunha medida que mestura unha necesidade imperiosa de recaudar máis diñeiro con certo tufo electoralista, ao representar, soamente en teoría, un xiro á esquerda do goberno. Os asesores de Rubalcaba pensan que se patrimonio equivale a riqueza, este imposto soamente afecta aos que teñen "riqueza" e polo tanto aos pobres tráelos ao pairo a súa existencia. Resumo: como hai moitos máis pobres que ricos, esta medida fará que gañen as eleccións. Agora ben, ¿de onde vén a riqueza? Unha persoa pode ser rica por herdanza, co cal xa tivo que pagar o Imposto de Sucesións, ou polo froito das rendas que xerou, as cales xa foron gravadas co imposto da renda. Este feito fai que os fiscalistas consideren este imposto como inxusto, pois supón unha dobre tributación. Por outro lado, os ricos ricos, os ricos de verdade, teñen asesores cualificados e fórmulas fiscais que fan que ao final, o Imposto de Patrimonio acabe afectándolle en maior medida aos "ricos a medias", xeralmente empresarios medianos dos que depende gran parte da actividade económica do país, e pode non ser apropiado castígalos con este imposto. Este último foi o argumento que utilizou o goberno para eliminar antes este imposto, polo que non deixa de sorprendeme que agora o consideren a panacea. O NCG BANCO. Soñaban os gobernantes de Galicia que poderían ter unha caixa de aforros na que poder "mangonear", pero o devir dos acontecementos fixo isto imposible. Non hai moito, había en Galicia tres caixas de aforro importantes: Caixa Galicia, Caixa Vigo e Caixa Ourense, cunha forte actividade bancaria. Primeiro xuntáronse Caixa Vigo e Caixa Ourense para formar Caixa Nova, e hai ben pouco, e por non quedarlle máis remedio, esta última e mais Caixa Galicia, fusionáronse para crear NOVA CAIXA GALICIA (en siglas NCG, siglas que a traicionaron, pois acabaron chamándolle "nocaga"). Agora NCG traspasa o seu negocio a NCG BANCO. A Caixa non desaparece, pero o negocio bancario vai ser realizado por un banco independente, do que a Caixa soamente será un accionista máis. Os dous maiores directivos deste novo banco non proceden da canteira de persoal de ningunha das dúas caixas, o que, en certo modo, confirma o fracaso total dos directivos anteriores das dúas caixas fusionadas. Este banco manexará a metade dos aforros totais de Galicia, e será o acreedor principal da maioría dos galegos e das empresas galegas. Por este feito, e polo ben de Galicia, temos que desexarlles, e desexámoslles, que teñan éxito na súa empresa.

Setembro 2011



Depuradora de Mariscos

RAMAIS

Fco. Rama Vázquez

O Freixo - OUTES

Móbil: 630 43 43 81 - Part.: 981 76 50 92

San Campio: O milagre (I)

Emilio de Balado

Tomás e Fufú de *porteadores* sobranceiros. En total eran sete. Mesmo un do PSOE e outro do BNG. Ó do ramo cativo traíano fortemente amarrado nunha escada na baca da *rubia* de Galdrán. Difícil de recoñecer. A roupa estragada, enzoufado, os ollos escintilando, a cara ensanguentada. Eu espreitaba detrás dunha silveira. Facía a quenda de dúas a catro da mañá vixiando lumes. Non se movía unha folla e pola estrada non pasaba ninguén. Estraña comitiva. Mentres se apeaban, outro coche parecido ó

papabús entrou directamente no adro da igrexa-catedral. A rubia parou diante das escaleiras do santuario. En canto baixou a primeira comitiva, Galdrán arrancou por outra viaxe. Nada doado subilo ata o adro. Os *porteadores* procuraban non mancalo. Pero xusto detrás do posuído viña Terrete. Cunha agulla da calceta picáballe os testículos e ría. Crespo miraba para atrás e nunha complicada linguaxe dicíalle: *Fariseo, así me pagas que che fixera a beirarrúa e che puxera tres puntos de luz?* Terrete ría a cachón. Levoume un bo anaco comprender que o alcalde falaba en trilingüe... Seguía en cada frase quendas equitativas, parte en inglés, parte en galego e parte en castelán. Ó ver o cruceiro pegou un chimpó, desfixose das amarras e dos carrexadores, deu dous pinchacarneiros e foise empiricar na cruz. Remedando a Charlot realizaba todo tipo de acrobacias na punta do pé dereito. Sentín como se unha navallada me

esgazase o peito ó ver como se abría a porta principal da igrexa e alí estaba o crego, don Xesús, con luxoso capelo cardenalicio acompañado de Pablo Nimo como bispo auxiliar. O cardeal tremaba con afouteza da cruz parroquial que abaneaba como unha cana verde, e veña de botar latíns. Notábase ben que era un "caso especial". Nin era 29 de setembro, era noite pecha, era un home, non intentaron metelo pola porta lateral como ós posuídos correntes... Tivo que ser Fufú quen se arriscase a subir polo seu alcalde. Forzárono a dar nove voltas ó cruceiro... Cuspíalle á cruz e ó prelado. Tiráballe dentadas ós *porteadores* da oposición, pero

case todas as paraba o bo de Tomás. Nunca mellor dito que estaba encrespado. O chocante eran as transfiguracións. A Crespo medráralle a napia, gastaba anteollos, o cabelo negro; era a cara de Feijóo. Fufú vestido de galego coa bandeira da UPG e a cara de Paco Rodríguez. Do pescozo penduráballe unha medalla co petróglifo de Fontemoreira. Monterroso farullaba, mastigaba nas palabras e choraba; tardei en decatarme que era don Manuel Fraga con camiseta do Deportivo. Pablo mudara a Prisciliano. Terrete,

con tricornio e unha pistola na man, Tejero. San Campio movía a man de arriba a abaixo como un monicreque. Inzado de medallas. Deseguida recoñecín o xeneralísimo Franco... Os meus ollos non daban creto. Nesa primeira comitiva non faltaba Marujita, cunha bandeira republicana e a cara cuspidiña á da Pasionaria. Feliciano algo eivado e un cigarro na boca, calcadiño a Santiago Carrillo; camiseta do Celta cun debuxo de Príapo. A varios non os recoñecín. Sobresaía María Sol Nieto cuns botíns, a cara de Esperanza Aguirre e no ombreiro esquerdo unha bubela. Vitoriano coa cara de Pepiño Blanco e un cadaleito ó lombo. O mestre da cerimonia era Lema, con aspecto de Supertamarico e un porco ó seu carón. Ordenou que non se achegasen os nenos nin os vellos. Pepe de Lúa semellaba Zapatero e coido que levaba unha maletíña. Juanatey

pareceume Ronaldo. A quen non vin por ningures foi a Rajoy... Veña a berrar todos a un tempo: *bótao fóra, bótao fóra*. Terrete dicía: *déixate estar que non vas ter sitio mellor e se saes entra no padre Xesús*. As mulleres berraban: *quen cho botou e en que?* Fraga repetía que temos que perdoar as ofensas e non sei que dunha leira, unha estrada e uns voitres. Crespo, sen querer bicar a medalla de san Campio, mordeuna como se fose de chocolate e caeulle outro dente. Con moito traballo foron quen de levalo á fonte do Rial. Coidei que afogaba das nove veces que lle meteron a cabeza na auga e das zoupadas que lle daban. De volta



Meson
O' Candil

C/ José Antonio
Teléf. 981 85 03 79

SERRA da OÜTES

Construcciones
CHB

HERMANOS BREA, S.C.

CONSTRUCCIONES Y REFORMAS EN TODO TIPO DE PIEDRA
MANPOSTERÍA-SILLERÍA-TACO DE SANTIAGO-CHAPA

Tels. 981 850 313
Móvil 816 919 827 - 816 919 767
Buzas - SAN QHENTE (OÜTES)

á igrexa e diante da imaxe de Franco trouso: cebolas de San Cosme, repolo de Betanzos, ostras do Freixo e unha manchea de pelos negros. Os eclesiásticos dirixiron todos os seus esconxuros contra eses cabelos que mudaron nunha fermosa gaivota que se foi cara ó Monte Medulio sobrevoando as Cassitérides. Durante todo o ritual as campás non deixaron de soar. Pensei que era o toque do lume, logo souben que antigamente existía un repenique específico para o demo. O cheiro a xofre ía marchando para aparecer o de roseira. A seguinte xeración de outenses non estaba presente. Se cadra considéranse científicos-racionalistas, globalizados... Porén, Andrea e Elena montaban unha tenda de indignadas. Levaban da man a Arturiño que repetía: *hostia, hostia, hostia*. Axeonllado, Crespo bicaba o anel do príncipe da igrexa. Nun xesto de humildade e fraternidade don Xesús mandouno erguer e xunguíronse nunha prolongada aperta; autoridade relixiosa e civil. Desculpouse o prelado de non quedarse ó banquete na xesteira onde xa estaban espetadas varias estacas, porque estaba agoniando o Papa. Todos pensabamos que o meigallo se resolvera felizmente, mais as sorpresas non remataran. Conseguiran que saíse o espírito aínda que tomase forma de gaivota pero ninguén contaba con que Crespo, agora loiro e coa face de Pepe Cuíña, tornase independentista. Custaba entender o seu galego-portugués. Demandaba unha confederación de comarcas galegas nunha Galiza ceibe e socialista e quería pórllle unha bomba á Casa da Cultura. Os ladridos de Athos fixéronme acordar. O pixama pingando de suor amosoume que todo fora un prolongado pesadelo. O reloxo marcaba que apenas pasaran dúas horas dende que collera o sono. Ese tempo cundira dabondo. Sentía unha señardade que me acompañaría todo o día. No soño perdemos a relación tempo-espazo e mais boa parte da censura que nos impón a nosa conciencia, de aí toda esta cunqueiriana fantasía que o meu inconsciente foi argallando. Calquera parecido coa realidade era pura coincidencia. Perdoade. Só eran as catro da mañá e fixen por coller o sono. Mal negocio. O remorso, ou o demo, fixo que volvese á mesma teima... Nesta outra escena xa era o san Miguel de hai anos, barracas, barcas, rosquillas, faroliños de cores, o barriga verde, chiringos, recua de rapaces. Rebumbio de xente, de campás, de foguetes, o Caimán aberto... O tempo escorregaba rápido. No devalo do luar algunhas parellas camiño da xesteira... Que o demo me leve se non é certo que vin unha moi especial. Un frade da man dunha señorita cun sancosmeiro e tacóns altos. Entenrecida escena de amor! As xestas máis altas abalaban a un ritmo poético e de tango porteño. Alguén encirrou ós cans e saíron (non digo como) María Tuñas transformada en Cospedal e Eduardo Estévez como Añón. Andei na procura de Tomás, o único que non transfigurara. Fixemos un aparte e velaquí a súa narrativa: *Como sabes estamos en plena campaña das municipais. Non hai máis que contos e envexas. O trapelo Vitoriano anda dicindo que o seu bar facía de manicomio e que ó pechar ían aparecer moitos máis tolos. Os politicastros do PSOE inventaron que todo está argallado dende a executiva provincial. Que como case seguro que Feijóo vai para Madrid, a Negreira non lle interesaba que Crespo presentase a súa candidatura para Presidente. Para min todo comezou en Bos Aires. Bailamos uns tangos e tomamos unhas copas. Botáronnos algo na bebida. Como eu levo sempre un escapulario da Virxe do Corpiño só tiven vómitos. Pero desde esa noite vin como Crespo decaía. O do Rolex non tivo nada que ver. Penso que foi unha moza porteña filla de vascos. Igual era dos de Bildu e por riba estaba casada cun dos de Bin Laden. Quen primeiro desconfiou que non rexía ben foi Laura, que o escoltou falándolle inglés ás tomateiras. Comentouno con Renata, a Valedora, que buscou no libro do*

Barrecañeiras do Libreiro e non atopou nada semellante. Acousa ía a máis. Fíxolle mudar a Fufú o letreiro da cetaria e pólo en inglés. Ó comezar a campaña xa non se podía tapar o asunto. No primeiro mitin falou todo en castelán, no segundo todo en inglés, menos mal que os nosos votantes son de lei. Falouse con Feijóo e mandou á Farjas que lle buscase un bo psiquiatra. Leveino a Santiago, a un que resultou ser do Opus. Diagnosticou unha Psiconeurose Maleficarum e receitou un montón de pastillas. Tivo que deixalas ós poucos días porque aparvaba de todo. Conteille a Negreira o que pasaba, falou con Paco Vázquez e aconsellaron andar outros camiños... Lema levouno ó sabio de Campolongo, un tal Pepe Freire. Recibiunos un sábado que é o único día que non traballa. Pasaron xuntos. O Freire acorou, viroulle a cor e entrou en transo. Dixo que el non podía facer nada, que percibía todo moi escuro, que lle parecía unha sombra e que había unha veciña que non lle quería ben; pero que se lle mesturaban imaxes dun músico galego que levaba moitos anos na Arxentina con outras dos Caneiros e unha muller moi bonita pero con patas de cabra, a carón dunha chinesa. Que era doenza non de médicos.

Despois fun eu mesmo falar con don Xesús. Asegurou que non había demo que se lle resistise dende que fora el quen recuperara o Calixtino e un Picasso.

Nesa segunda parte do pesadelo xa me vin de volta para o Valado. Alborexaba. Bero, camiño da Serra. A Digna, meneando na



leña. Tiven que botar unha boa sesta e daquela o soño foi livián. Todo estaba como sempre, eran as dúas da tarde dun grisento e frío domingo en Feliciano. O cura e o alcalde en mesas distintas. Terrete de arteiro intrigante. Marujita entrando. Juanatey ollando os goles de Messi, A luz escasa, a calefacción apagada. A tortilla e as patacas fritidas exquisitas. Hai quen di que as regueifas desapareceron pero iso indica que non coñecen os actuais espazos de desafío pautado. Antes de despertar, o escenario era no alén. Pasaran séculos. Crespo, Terrete e Pepe de Lúa xa levaban ducias de anos gozando do merecido ceo. Marujita sempre a carón de san Pedro. Correuse a voz de que houbera unha amnistía para os da república independente de Outes co gallo da beatificación de Monterroso. A cotío viñan remesas de ánimas do purgatorio. Sen embargo María José, Marinela e Montse non aparecían... Deus é bo pero o Demo non é malo.

Os muíños do Río Tins (IV)

Cuarto tramo: Das brañas de Lantarou ás devesas de Boel (2ª parte)

Xoán X. Mariño

Neste pequeno treito, que vén desde Berres e Ousesende, en apenas 2 km hai en total 12 muíños. Os sete primeiros, de Os Muíños, O Cotro e O Areal, situados na marxe esquerda do río, son os que xa se viron no número anterior desta revista. Os cinco restantes atópanse na marxe dereita do Tins e corresponden todos eles ao lugar de Boel.



Foto 1. Muíño de Rei Pais

Boel é o lugar universalmente coñecido por ser o berce do insigne poeta, precursor do Rexurdimento, Francisco Añón. No comezo da aldea está a **Casa do Poeta**, na que naceu en 1812 e na que, en 1935, na súa memoria, colocaron unha placa os emigrantes de Outes na Arxentina. Preto desta casa, triste e vergoñentamente abandonada, na que tamén naceu a súa irmá **Nicolasa Añón**, igualmente poeta, pero menos coñecida, está o antigo e elegante **Pazo de Añón**, propiedade dos parentes ricos do poeta, en cuxo patio teñen o **Cruceiro de Añón**, o primeiro dos tres que hai no lugar, erguéndose no rueiro que o atravesa o segundo, o **Cruceiro de Boel**, e o último, coñecido como **Cruceiro do Souto**, no camiño que conduce a S. Pedro de Outes. Non moi lonxe deste último, nunha **cámara megalítica**, dicía Murguía que se atoparon dous puñais de bronce duns 4.000 anos de antigüidade. É tamén Boel a orixe do mestre e pintor **Arximiro Suárez**, que naceu aquí en 1905 pero traballou case toda a súa



Foto 2. Muíño da Devesiña

vida en Noia, aínda que tamén deixou fermosos cadros no seu concello natal.

Áchanse nas luminosas devesas ribeiriñas de Boel, como dicíamos, cinco muíños, pero hai outro, da familia Añón, que por atoparse xa na Serra de Arriba, verémolo no próximo número de *Terra de Outes*.



Foto 3. Muíño Vello

O primeiro deles está situado apenas uns metros augas abaixo dos muíños do Cotro vistos no nº 15 desta revista, pero na marxe dereita. Trátase do *Muíño de Rei Pais* (ver foto 1), un edificio de planta rectangular que mide 4,5 x 5,5 m, con tellado a unha soa auga, paredes de cachotería, salvo o marco de porta e das ventás, así como o paramento inferior das paredes no interior, cuxo piso, por outra parte, se atopa a nivel máis baixo que o exterior, polo que hai que baixar un escalón para entrar nel, aínda que na actualidade é difícil porque, ademais de arruinado, está cuberto de maleza.

Igual sucede co Muíño da Devesiña (ver foto 2), que se acha a menos de 100 m do anterior, seguindo o curso do río, e que é unha cuarta máis pequeno ca el, tanto ao longo como ao ancho, e o seu tellado xa é de dúas augas. Polo que se refire ás paredes, como no caso anterior, están construídas con cachotería, salvo, de novo, os esquinais e o marco da porta, que son de cantería. Esta última, pola súa parte, posúe un pousadoiro no lado dereito. Na actualidade ademais de caerlle o tellado e ter o inferno entullado, tamén se lle esbarrufou practicamente toda a parede meridional.

Máis alonxados daqueles, pero próximos entre si, están os tres restantes, situados a ambos os dous lados da nova ponte que une Boel co Areal. O primeiro deles é o *Muíño Vello*, un edificio de máis de sete ms. de longo e semellantes características ca o anterior, que ademais se atopa no mesmo estado deplorable (ver foto 3).

Ao seu carón áchase o *Muíño de Tuñas* (ver foto 4), o máis pequeno de todos, non só de superficie –menos de 20 m²–, senón tamén de altura, pois ten só 3 m ata o cume do teito, cando o

Foto 4. Muíño de Tuñas



normal é acadar os 4 m. No interior ten a particularidade de levar cantería por todo o paramento inferior das paredes nun perímetro delimitado por un pequeno muro de pedra que separa o tremiñado do corredor de entrada; esta parediña, que mide 20 cm de alto e 3,15 m de longo, ten, no medio, unha cruz gravada. En consonancia coas reducidas dimensións do edificio, o pé do muíño é tamen de pequeno tamaño: menos de un metro de diámetro e só 36 cm de alto. Pero, da mesma forma ca os anteriores, tamén se encontra sen tellado, elementos de madeira, rodicio e o interior cheo de terra.

Ao outro lado da ponte áchase o último deste grupo, denominado *Muíño da Insuela* ou *Muíño Novo*. É un edificio que sobrepasa os 7 m de fondo, lonxitude derivada da circunstancia de posuír dúas moas que se movían coa auga que traían outras tantas canles, hoxe desaparecidas. Hai uns anos o muíño atopábase nun estado tan penoso como nos casos anteriores (ver foto 5), pero




Foto 5. Muíño da Insuela antes da restauración

recentemente foi restaurado durante as obras de acondicionamento do paseo fluvial que chega ata el, pero lamentablemente ficou convertido en simple elemento ornamental, porque aínda que lle arraxaron un dos seus dous

pés, en cambio canles e inferno quedaron cegados polo formigón que rodea en todo o seu perímetro o muíño, ao cal, por outra parte, tampouco se lle repuxeron os aleiros de cantería sobre os que antano apoiaba o tellado. Non cabe dúbida de que o seu aspecto xa non é tan lastimeiro como o do resto, pero non deixa de ser triste o seu destino, perdendo a función para a que foi concibido e desempeñando unicamente un papel decorativo na paisaxe. Un decorado bastante realista, iso si.



Foto 6. Muíño da Insuela na actualidade



PIZZERIA AREAL

AMPLIO MERENDERO AL AIRE LIBRE

Teléfono 981 85 08 57 - AREAL (Serra de Outes)

Flores para Añón

Ramón Blanco

Facemos unha paréntese na serie de artigos que estamos a dedicar á estancia do noso poeta en Sevilla para ocupármolos dun feito non menos importante (por non dicir o máis importante) da súa biografía: a celebración dos Xogos Florais da Coruña de 1861, nos que foi premiado por "A Galicia". Isto supuxo a súa consagración como escritor, foi o seu maior éxito literario en vida, e significou un dos fitos do Rexurdimento. Recentemente a Real Academia Galega conmemorou o cento cincuenta aniversario daquel certame, e pareceunos que non podíamos deixar de sumarnos á efeméride.

Os Xogos Florais que tiveron lugar na Coruña, o 2 de xullo de 1861, no Teatro Principal (hoxe Teatro Rosalía de Castro), foron os primeiros en Galiza, a imitación da reinstauración destes en Barcelona en 1859, influenciados á súa vez polo rexurdimento da literatura provenzal. Aínda que xa se consideraban anacrónicos os Jocs Florals (ou Jocs de la Gaia Ciència; isto é, xogos da alegre ciencia, é dicir, da arte poética) cando foron restabelecidos en Cataluña, case todos os detractores remataron por participar, e foron o eixo da Renaixença literaria catalá. Foron refundados baixo o lema Patria, Fides, Amor, en alusión aos tres premios máximos aos que se podía aspirar: a flor natural, ou premio de honra, ao mellor poema amoroso; a englantina d'or, á mellor composición patriótica; e a viola d'or i argent, para a mellor poesía relixiosa.

Retomábase así a longa tradición que viña desde os relixiosos Ludi

Flores celebrados desde o 173 a.C. na antiga Roma en homenaxe á deusa Flora (de aí o nome) até aqueles medievais, xa estritamente poéticos, nos que se batían trovadores occitanos, cataláns e aragoneses.



Juana de Vega

Os Xogos Florais da Coruña foron promovidos por Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina, e Benito Vicetto (de quen falaremos con detalle nun dos artigos sobre Añón en Sevilla), mais debeu ser Antonio de la Iglesia, secretario do Consistorio dos Xogos e organizador, o seu maior incentivador. Aínda contaron coa axuda de José Pascual López Cortón como mecenas, cuxa financiación volvería ser clave ao ano seguinte, 1862, para publicar o *Álbum de la Caridad* (no que tamén nos deteremos no seu momento).

O evento nacia cun claro afán promotor da poesía galega, aínda que todos os discursos se pronunciaron en castelán, lingua na que tamén se aceptaban composicións para concorrer ao certame. Naquel acto pioneiro de 1861 só unha das obras premiadas estaba no noso idioma. Debemos ter sequera o consolo de saber que foi Añón quen obtivo o premio. Presentara a concurso, en lingua galega, as

composicións "A Galicia" (tema e condición que esixían as bases para acceder ao primeiro premio, a Flor Natural) e "Juegos Florales". O máximo galardón vai quedar deserto, pero o poeta obterá o primeiro accésit ao mesmo. Os outros poemas galardoados estaban, claro, escritos en castelán.



PORTA DA VILA N.º 13
NOIA
T. 981 822 452

AVDA DE COMPOSTELA 13
OÜTES
T. 981 850 953

www.federopticoslarrondo.com
larrondo@federopticos.com

GRADUACION DE SU VISTA

CONTROL DE LA
MIOPIA

LENTES DE CONTACTO

AUDIFONOS
PARA SORDOS

CERTIFICACION AENOR DE
CALIDAD DE SERVICIO